



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ver o anuncio do tribunal cualificador de data 7 de xullo de 2026 en relación coa Convocatoria para a contratación laboral temporal polo Concello de Miño dun (1) controlador/a de aparcadoiro regulado en superficie da zona ora da praia Grande de Miño para a tempada de verán 2026.

Logo de ver que no citado anuncio establécese, unha vez rematado o proceso selectivo, a puntuación final dos aspirantes ordenados de maior a menor puntuación.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, pola presente, RESOLVE:

1.- Aprobar a formación da listaxe de reserva para a realización de contratacións laborais temporais, na categoría de controladores/as de aparcadoiro regulado en superficie da zona ORA da praia Grande de Miño para a tempada de verán 2026, conforme á relación de aspirantes propostos polo tribunal cualificador, co seguinte orde de prelación:

Nº Orde	APELIDOS E NOME	D.N.I.
1	GABARRI GABARRI, ANGELA	***6214**

O réxime de funcionamento da citada listaxe rexeráse segundo establecido no apartado décimo segundo das bases reguladoras e segundo se especifica nas citadas bases, extinguirase en todo caso ao finalizar a tempada de verán 2026, podendo non obstante extinguirse antes no caso de celebrarse nese período novo proceso selectivo para a mesma categoría con formación de nova bolsa de traballo ou no caso de quedar baleira de participantes.

2.- Publicar a lista no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica e dar conta da presente Resolución ao primeiro Pleno Ordinario que se celebre

Miño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe

O secretario

Asdo./ David Veiga Sierra